

## Como informan as Partes á Convención de Diversidade Biolóxica (CDB) sobre diversidade xenética e como se poden mellorar os informes e monitoreo da diversidade xenética?

### CONTEXTO

- **A Biodiversidade está** ameazada por diversos factores, incluíndo a degradación do hábitat, o cambio climático, a contaminación, e a rápida dispersión de axentes patóxenos. A *diversidade xenética* - a variación xenética que ocorre nunha especie- xoga un papel fundamental na capacidade que teñen as poboacións para adaptarse e persistir en resposta a ambientes cambiantes. A diversidade xenética é un dos tres niveis de biodiversidade recoñecida pola Convención de Diversidade Biolóxica (CDB), e outras políticas de conservación nacionais e internacionais.
- **Non obstante, as** estimacións do estado e tendencias na diversidade xenética aínda non están rutineiramente integradas nos programas de conservación ou obxectivos de conservación. Isto pode explicarse, en parte, pola natureza técnica dos métodos xenéticos, e pola desconexión entre a investigación en xenética e os profesionais no campo da conservación. Ademais, a falta de indicadores fiables é unha lagoa moi importante en canto a datos no marco global de biodiversidade post-2020.
- **Para comprender mellor** como as Partes asinantes da CDB avalían e protexen a diversidade xenética, realizamos unha revisión completa de 114 Informes Nacionais (5º e 6º Informes Nacionais) para determinar como os países informaron sobre accións, usos, ameazas, tendencias e especies prioritarias para o monitoreo e conservación da diversidade xenética.

### RECOMENDACIÓNS

As nosas recomendacións á Secretaría e ás Partes da CDB teñen como obxectivo mellorar a supervisión e protección da diversidade xenética para a persistencia a longo prazo de poboacións e ecosistemas saudables, cumprindo o obxectivo principal da CDB.

1

**Aumentar a conciencia e o coñecemento sobre o papel central que xoga a diversidade xenética na biodiversidade, protexer e documentar o coñecemento indíxena e local e construír capacidade entre os profesionais da conservación para monitorear e xestionar a diversidade xenética.**

2

**Desenvolver e implementar protocolos estandarizados para a xestión xenética rutineira, o monitoreo a longo prazo e a presentación de informes sobre o estado da diversidade xenética, as ameazas, as medidas de xestión xenética adoptadas para especies silvestres e aquelas con importancia socioeconómica.**

3

**Implementar obxectivos e indicadores mellorados centrados na diversidade xenética (Hoban et al. 2020) para o marco da CDB post-2020, co fin de garantir o seguimento dos cambios nas estimas de diversidade xenética e o progreso cara estes obxectivos.**

4

**Modificar os modelos para os Informes Nacionais da CDB e ofrecer orientación e recursos para favorecer e facilitar a elaboración de informes coherentes e claros sobre o monitoreo de diversidade xenética in-situ e ex-situ en especies salvaxes e de importancia socioeconómica.**

O informe completo con recomendacións detalladas pode atoparse en: Hoban et al. 2020. An analysis of genetic diversity actions, indicators and targets in 114 National Reports to the Convention on Biological Diversity. ([preprint](#))

### RESULTADOS PRINCIPAIS

- Aínda que a maioría dos países recoñecen a importancia da diversidade xenética, o 21% dos 6º Informes Nacionais non se referiron a ningún obxectivo de diversidade xenética.
- Só o 5% dos países incluíron indicadores baseados en estudos xenéticos ou na protección do coñecemento indíxena e local sobre diversidade xenética.
- As accións para conservar a diversidade xenética están centradas principalmente en especies agrícolas (cultivos, animais de granxa, e parentes silvestres de especies de cultivo) en lugar de en especies silvestres.
- Os tres principais indicadores de diversidade xenética considerados polos países incluían o número de recursos xenéticos preservados en centros de conservación, o número de recursos xenéticos vexetais coñecidos/inventariados e o seu estado na Lista Vermella.
- En xeral, a limitada atención dada ó monitoreo da diversidade xenética, especialmente en especies que non son economicamente importantes, está impedindo a capacidade de avaliar a nivel global o cambio na diversidade xenética ó longo do tempo.

### DIRECCIÓNS FUTURAS

O CDB e as Partes asinantes teñen a oportunidade de garantir que os obxectivos en canto a diversidade xenética se implementen de xeito eficaz para mellorar a conservación da biodiversidade. O grupo de traballo GEO BON 'Genetic Composition Working Group' e os seus socios poden proporcionar de forma continua os coñecementos especializados ó CDB e ás Partes para que estes desenvolvan e implementen obxectivos encamiñados a monitorear e protexer a diversidade xenética.

Preparado polo grupo GEO BON (Group on Earth Observations Biodiversity Observation Network) 'Genetic Composition Working Group' para todos aqueles interesados na estratexia post-2020.

Contacto: Dr. Sean Hoban, [shoban@mortonarb.org](mailto:shoban@mortonarb.org) e Dr. Margaret Hunter, [mhunter@usgs.gov](mailto:mhunter@usgs.gov)